Num segundo momento foram coligidos e organizados os registos diários seculares, entre 1901 e 2022, de temperatura e precipitação das estações Porto-Serra do Pilar - 546 (IPMA) e Corunha - 1387 (AEMET). Os dados foram representados graficamente de forma a sintetizar tendências relativas às médias anuais e decenais da temperatura média, máxima e mínima e aos totais de precipitação, anuais e acumulados durante o período seco e durante o período húmido.

Num terceiro momento procedeu-se à identificação dos episódios de temperatura extrema para as duas estações e para o mesmo período de análise, seguindo-se três procedimentos metodológicos: primeiro, para averiguar a tendência secular do número de dias de calor e frio extremos, foram calculados os percentis 97 e 99 das temperaturas máximas e os percentis 1 e 3 das temperaturas mínimas, sendo posteriormente os dados sintetizados graficamente em totais anuais; segundo, identificaram-se as “ondas de calor” seguindo os critérios da AEMET<sup>4</sup> mas adaptando-os à extensão da série analisada ( $\geq 3$  dias consecutivos com temperatura máxima superior ao percentil 95 da série secular nos meses de julho e agosto), sendo os dados sintetizados graficamente através do total anual de dias com temperatura máxima superior ao percentil 95 e através frequência anual e intensidade (média das temperaturas máximas) de episódios de calor extremo; por último, para procurar ajuizar sobre o peso relativo do quadro sinóptico na ocorrência dos episódios extremos, avaliou-se a sincronicidade dos momentos paroxismáticos e comparou-se a magnitude, frequência e coincidência temporal dos eventos extremos de temperatura para procurar entender a importância do contexto zonal relativamente ao contexto local tanto na magnitude como na frequência dos episódios térmicos extremos.

Num quarto momento, e de forma a avaliarmos o potencial efeito do metabolismo urbano na amplificação dos impactos dos episódios de calor extremo no *canopy layer*, foram elaboradas imagens térmicas das duas áreas urbanas. Recorreu-se ao arquivo Landsat, e mais especificamente ao satélite Landsat 8 OLI (<https://earthexplorer.usgs.gov/>), e averiguou-se a disponibilidade de imagens para momentos simultâneos de calor extremo no Porto e na Corunha. Como não se verificou nenhuma coincidência entre a passagem do satélite e as datas em que se registaram episódios de calor extremo simultaneamente nas duas estações, optou-se por

selecionar os dias 14 de julho de 2016<sup>5</sup> e 31 de julho de 2022<sup>6</sup>. Na ‘Coleção 2 - Nível 2’, os produtos Landsat já se encontram pré-processados, pelo que a banda térmica (ST10), disponibilizada no formato GeoTIFF e com uma resolução de 30m (à semelhança das outras bandas), inclui as necessárias correções radiométricas e atmosféricas (USGS, 2022). A temperatura de superfície (Ts) é obtida por meio da aplicação de um fator de conversão fornecido pelo USGS (2022), sendo que em simultâneo se converteram os valores de graus Kelvin para graus Celsius:  $T_s = (ST10 * 0,00341802 + 149) - 273,15$  em que,  $T_s$  = Temperatura de superfície (°C); ST10 = Banda 10 do Landsat 8.

## 3. Resultados

Tanto o Porto como a Corunha têm climas oceânicos do subtipo atlântico (Artín Cortinas, A. e Pérez Alberti, A., 1999; Martin-Vide, J. e Olcina-Cantos, J., 2001; Monteiro, A., 1997), com um período húmido no inverno e um período seco no verão com temperaturas médias entre os 11°C e os 15°C, amplitudes térmicas diárias entre os 8°C e os 12°C, humidade relativa elevada persistente e nebulosidade muito frequente. A precipitação total anual oscila, em média entre os 400mm e os 2000mm. Morfológicamente, o município do Porto estende-se por uma plataforma ligeiramente inclinada para o mar cujas altitudes variam entre 0m e os 160m enquanto a Corunha tem altitudes muito semelhantes ao Porto (0m a 289m) mas assenta numa península e num istmo bastante expostos aos fluxos de ar oceânicos. Estes são, contudo, muito diversificados devido à configuração extremamente recortada da linha de costa – *as rias em leque* - e à presença próxima, a oeste, de relevos com uma orientação NNW-SSW, o que favorece a presença constante de nebulosidade, nevoeiros e uma humidade relativa sempre muito elevada (Figura 2).




Figura 2 – Contexto geográfico das cidades do Porto e da Corunha.

<sup>4</sup> A Agência Estatal de Meteorologia (AEMET) considera como onda de calor um episódio de pelo menos três dias consecutivos em que pelo menos 10% das estações consideradas registam temperaturas máximas superiores ao percentil 95 da respetiva série de temperaturas máxima diárias dos meses de julho e agosto do período 1971-2000.


<sup>5</sup> Julho de 2016 registou, segundo o NOAA, 0,87°C acima da média do século 20 e segundo o Copernicus a temperatura do ar em Julho de 2016 foi, na Europa em geral, e particularmente no SW Europeu acima das normais 1981-2010 Fonte: COPERNICUS: *Average surface air temperatures for July 2016*, 2016, <https://climate.copernicus.eu/average-surface-air-temperatures-july-2016>

<sup>6</sup> Segundo o Copernicus, Julho de 2022 foi um dos três Julhos mais quentes à escala global (mais 0,4°C do que a normal 1991-2020) e um dos seis mais quentes na Europa. Fonte: COPERNICUS: *Surface Air Temperature Anomaly for July 2022, 2022*, <https://climate.copernicus.eu/surface-air-temperature-july-2022>

A análise das médias decenais dos registos diários de temperatura entre 1901 e 2022 nas estações de Porto Serra do Pilar e da Corunha evidencia, desde logo, diferenças muito interessantes tendo em conta a proximidade latitudinal entre as duas estações: i) a temperatura mínima é sempre mais baixa no Porto do que na Corunha; ii) a temperatura máxima é sempre mais elevada no Porto do que na Corunha; iii) a amplitude térmica é sempre muito superior no Porto. E mostra, por outro lado, e para as duas estações, uma tendência positiva contínua particularmente acentuada a partir da década 1981-1990 (Figura 3)


Este padrão de comportamento reafirma-se na análise dos registos médios anuais onde apesar do ajuste da reta de regressão à nuvem de pontos seja fraco ( $r^2$  entre 0,15 e 0,57) a inclinação positiva transcreve a ocorrência de valores progressiva e continuamente superiores a partir dos anos 80 do século passado (Figura 4a). Este comportamento é particularmente relevante no caso das temperaturas mínimas, onde as diferenças persistentes entre o Porto, mais frio, e a Corunha, mais quente, parecem ter-se esbatido substantivamente neste milénio (Figura 4c). Acrescente-se ainda que a modificação do comportamento das temperaturas mínimas, sendo particularmente notória no Porto (Figura 4c), é agravada, em termos de riscos climáticos, com uma ligeira diminuição e uma maior irregularidade tanto dos totais anuais de precipitação no Porto como dos totais acumulados no período seco e no período húmido do ano. Factos que parecem não estar a acontecer na Corunha (Figura 5).

Figura 3 – Médias, por década, das temperaturas média, mínima e máxima no Porto e na Corunha entre 1901 e 2022.




Fonte dos dados: IPMA e AEMET

Figura 4 - Temperatura média anual (a), Temperatura média máxima anual (b) e Temperatura média mínima anual (c) no Porto (à esquerda) e na Corunha (à direita) entre 1901 e 2022 – registos, médias móveis de 5 anos e regressão linear.



Fonte dos dados: IPMA e AEMET

Figura 5 - Precipitação total anual (a) durante o período seco (b) e durante o período húmido do ano (c) no Porto (à esquerda) e na Corunha (à direita) entre 1901 e 2022 – registos, médias móveis de 5 anos e regressão linear.




Fonte dos dados: IPMA e AEMET

Centramo-nos agora nos resultados relativos aos episódios de temperatura extrema. A avaliação comparada da distribuição temporal do número de dias com temperatura máxima excepcionalmente elevada (Figura 6a) revela, desde logo, que estes episódios se têm vindo a tornar mais frequentes nas últimas décadas quer no Porto quer na Corunha. Deve-se, no entanto, destacar que esta tendência parece ser mais marcada na Corunha do que no Porto. De facto, considerando o comportamento das temperaturas excepcionais a partir do percentil 99, as duas estações têm comportamentos semelhantes (p.e. com ambas as estações a registarem 35% dos registos a partir de 2001) mas se atendermos ao comportamento das temperaturas excepcionais a partir do percentil 97, deteta-se uma tendência de maior intensificação na Corunha (33% dos registos a partir de 2001) do que no Porto (28% dos registos a partir de 2001).

Considerando a avaliação comparada da distribuição temporal do número de dias com temperatura mínima excepcionalmente baixa (Figura 6b), destaca-se que tanto o Porto como a Corunha têm vindo a registar uma tendência clara de diminuição de dias de frio extremo nas últimas décadas. Esta tendência é, no entanto, mais expressiva no Porto, que desde 2001 registou apenas 3% dos registos totais da série secular abaixo do percentil 1, valor consideravelmente inferior aos 10% correspondentes à Corunha.

Figura 6 - Número de dias com TMax ≥ P97 e P99 (a) e com Tmin ≤ P3 e P1 (b) no Porto (à esquerda) e na Corunha (à direita) entre 1901 e 2022.




Fonte dos dados: IPMA e AEMET

A análise da frequência e intensidade das ondas de calor revela que este fenómeno se tem vindo a tornar mais frequente nas últimas décadas, com cerca de 42% do total de dias em ondas de calor a ocorrerem desde 2001. No entanto, existem alguns padrões distintivos entre as duas estações que merecem ser destacados: i) considerando a globalidade da série, o número de dias com ondas de calor é muito maior no Porto (n=166) do que na Corunha (n=88); ii) a ocorrência dos primeiros eventos de ondas de calor foi mais precoce no Porto (ano de 1913) do que




na Corunha (ano de 1928); iii) a regularidade na ocorrência de ondas de calor é muito maior no Porto do que na Corunha.

Figura 7- Frequência e intensidade das ondas de calor no Porto (à esquerda) e na Corunha (à direita) entre 1901 e 2022.



Fonte dos dados: IPMA e AEMET

Figura 8 – Cartas térmicas do Porto e da Corunha nos dias 14 de julho de 2016 e 31 de julho de 2022.



Fonte dos dados: Landsat 8, Direção Geral do Território, Weather Underground

Finalmente, as imagens térmicas das duas áreas urbanas permitem-nos tecer algumas considerações sobre o efeito potencial das características dos dois territórios urbanos na amplificação ou atenuação dos episódios de calor extremo atrás identificados. De facto, as imagens térmicas traduzem a “carga térmica” da área que representam, a qual depende essencialmente do contraste e da estrutura e composição dos materiais das superfícies (naturais e artificiais) e das características das atividades que aí ocorrem. As áreas sobreaquecidas (com temperaturas de superfície mais elevadas) são aquelas em que os impactes dos eventos de calor extremo serão potencialmente muito amplificados, com os consequentes efeitos adversos no conforto térmico e, direta e indiretamente, na qualidade de vida e bem-estar dos seres humanos .

Avaliando de forma comparada as imagens térmicas das duas áreas urbanas, verifica-se a esperada diferenciação térmica induzida, por exemplo, pela maior ou menor proximidade ao mar, pela maior ou menor compacidade do tecido urbanizado ou pela maior ou menor presença de áreas com vegetação (Figura 8). Contudo, e ainda que a amplitude dos valores de temperatura de superfície seja semelhante para as duas áreas urbanas, as áreas sobreaquecidas têm uma expressão espacial significativamente maior no Porto, testemunhando a maior intensidade do seu metabolismo urbano. Isto é particularmente visível no dia 31 de julho de 2022, quando as condições climatológicas registadas nas estações de referência foram idênticas em todos os parâmetros, até mesmo naqueles que mais as distinguem – a humidade relativa e a temperatura.

#### 4. Discussão

Neste artigo propusemo-nos a avaliar o peso relativo das especificidades locais e das condições zonais e globais na explicação da magnitude e frequência dos fenómenos térmicos extremos no Porto e na Corunha, tendo para tal sido avaliadas as tendências seculares do comportamento da temperatura e da precipitação, a frequência e magnitude dos episódios de calor extremo e, finalmente, o efeito local potencial do metabolismo urbano na amplificação dos efeitos de episódios de calor extremo. Alguns dos resultados obtidos merecem uma discussão dedicada.

Primeiro, este trabalho confirma a tendência geral para o aumento das temperaturas média, mínima e máxima nas últimas décadas, e especialmente a partir dos anos oitenta, corroborando assim os resultados de investigações anteriores (Castro, M. et al., 2005; González, A. et al., 2020; Monteiro, A. et al., 2017; Serrano-Notivoli, R. et al., 2022).

Segundo, neste estudo pudemos mostrar que nas últimas décadas têm vindo a ocorrer mais frequentemente dias com temperatura máxima excepcionalmente elevada, acompanhando resultados anteriores (Espín-Sánchez, D. e Conesa-García, C., 2021; Peña-Angulo, D. et al., 2021; Perkins-Kirkpatrick, S. E. e Lewis, S. C., 2020) , e acrescentando que tal comportamento é mais expressivo na Corunha. Por outro lado, tanto o Porto como a Corunha têm vindo a registar uma tendência de diminuição de dias de frio extremo nas últimas décadas, mas é no Porto que esta tendência é bastante mais eloquente.

Terceiro, a análise da frequência e intensidade das ondas de calor revelou que este fenómeno se tem vindo a tornar mais frequente nas últimas décadas em ambas as cidades. No entanto, o número de dias com ondas de calor é muito maior e mais regular no Porto e do que na Corunha.



Para além de raramente serem coincidentes no tempo, há uma diferença substantiva no modo como estes fenómenos excepcionais se distribuem ao longo do tempo no Porto e na Corunha. Estes são muito menos frequentes na Corunha, porque ocorrem frequentemente em dias isolados e mais raramente em sequências que lhes permitam atribuir a condição de *ondas de calor*.

Quarto, este exercício comparativo do comportamento do *sistema climático* de dois espaços urbanos geograficamente muito próximos, e localizados numa das áreas do globo citadas como das mais ameaçadas pelas manifestações de mudança climática (Copernicus Climate Change Service (C3S), 2023; Diffenbaugh, N. S. e Giorgi, F., 2012) tanto nas análises retrospectivas como nas prospetivas, ilustra com grande clareza que, em matéria de riscos climáticos, o “todo é muito diverso da soma das partes”. Isto é, os sintomas diagnosticados para o Planeta não podem ser tratados com a prescrição de terapêuticas idênticas à escala local ou regional (Madureira, H., Monteiro, A. e Cruz, S., 2021; Madureira, H., Pacheco, M. et al., 2021).

Concluindo, o Porto e a Corunha são, do ponto de vista climático, exemplos paradigmáticos do modo como o *sítio* e a *posição geográfica* combinados com a vitalidade do metabolismo urbano geram uma cascata de respostas diversas perante estímulos – condições sinópticas - semelhantes. E são, portanto, bons argumentos para incentivar a inclusão de uma maior elasticidade espacial nas múltiplas reflexões em curso sobre a forma mais eficaz e eficiente de implementar medidas de adaptação à ameaça climática.

---

**Helena Madureira.** É geógrafa e doutorada em arquitetura paisagista pela Universidade do Porto. É professora associada no Departamento de Geografia da Universidade do Porto. É membro integrado do CEGOT - Centro de Estudos de Geografia e Ordenamento do Território. Desenvolve investigação em temas relacionados com sustentabilidade urbana ambiental e a climatologia urbana. Mail: hmadureira@letras.up.pt

---

**Ana Monteiro.** É geógrafa e doutorada em geografia física pela Universidade do Porto. É professora catedrática no Departamento de Geografia da Universidade do Porto. É membro integrado do CEGOT - Centro de Estudos de Geografia e Ordenamento do Território. Desenvolve investigação em temas relacionados com a climatologia urbana. Mail: anamt@letras.up.pt

---

**Maria Pacheco.** É geógrafa, mestre em Sistemas de Informação Geográfica e Ordenamento do Território e doutoranda no Curso de Doutoramento em Geografia da Faculdade de Letras da Universidade do Porto. É membro do CEGOT – Centro de Estudos de Geografia e Ordenamento do Território. Desenvolve investigação em temas relacionados com a bioclimatologia. Mail: pachecomariaoliveira@gmail.com

## Referências Bibliográficas

- ARTÍN CORTINAS, A. e PÉREZ ALBERTI, A.: *Atlas Climático de Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1999, 207 p.
- CASTRO, M., MARTIN-VIDE, J. e ALONSO, S.: “El clima de España: Pasado, presente y escenarios de clima para el siglo XXI”. In J.M. MORENO (ed.), *Evaluación Preliminar de los Impactos en España por Efecto del Cambio Climático*, Ministerio de Medio Ambiente, Madrid, 2005, p. 1-64.
- COPERNICUS: *Average surface air temperatures for July 2016*, 2016, <https://climate.copernicus.eu/average-surface-air-temperatures-july-2016>
- COPERNICUS: *Surface Air Temperature Anomaly for July 2022*, 2022, <https://climate.copernicus.eu/surface-air-temperature-july-2022>
- COPERNICUS CLIMATE CHANGE SERVICE (C3S): *European State of the Climate 2022*, 2023, <https://climate.copernicus.eu/esotc/2022>
- DIFFENBAUGH, N. S. e GIORGI, F.: “Climate change hotspots in the CMIP5 global climate model ensemble”, *Climatic Change*, 114(3), 2012, 813-822.
- ESPÍN-SÁNCHEZ, D. e CONESA-GARCÍA, C.: “Spatio-temporal changes in the heatwaves and coldwaves in Spain (1950-2018): Influence of the East Atlantic pattern”, *Geographica Pannonica*, 25(3), 2021, 168-183.
- EUROPEAN COMMISSION: *A climate resilient Europe – Prepare Europe for climate disruptions and accelerate the transformation to a climate resilient and just Europe by 2030*, Publications Office, 2020.
- EUROPEAN COMMISSION e JOINT RESEARCH CENTRE: *Climate impacts in Europe – Final report of the JRC PESETA III project*, Publications Office, 2018.
- FERNÁNDEZ-MONTES, S., RODRIGO, F. S., SEUBERT, S. e SOUSA, P. M.: “Spring and summer extreme temperatures in Iberia during last century in relation to circulation types”, *Atmospheric Research*, 127, 2013, 154-177.
- GARCÍA-HERRERA, R., DÍAZ, J., TRIGO, R. M. e HERNÁNDEZ, E.: “Extreme summer temperatures in Iberia: health impacts and associated synoptic conditions”, *Ann. Geophys.*, 23(2), 2005, 239-251.
- GARCÍA-HERRERA, R., DÍAZ, J., TRIGO, R. M., LUTERBACHER, J. e FISCHER, E. M.: “A Review of the European Summer Heat Wave of 2003”, *Critical Reviews in Environmental Science and Technology*, 40(4), 2010, 267-306.
- GONZÁLEZ, A., PÉREZ, D., HERNÁNDEZ, J. C. e MONTALVO, J.: *Cambio climático reciente en la provincia de A Coruña*, 2020, <https://fundacionmatrix.es/cambio-climatico-reciente-en-la-provincia-de-a-coruna/>
- JEREZ, S., MONTAVEZ, J. P., GÓMEZ NAVARRO, J. J., JIMÉNEZ GUERRERO, P., et al.: “Temperature sensitivity to the land-surface model in MM5 climate simulations over the Iberian Peninsula”, *Meteorologische Zeitschrift*, 19(6), 2010, 363-374.
- JEREZ, S., MONTAVEZ, J. P., GOMEZ-NAVARRO, J. J., JIMENEZ, P. A., et al.: “The role of the land-surface model for climate change projections over the Iberian Peninsula”, *Journal of Geophysical Research: Atmospheres*, 117, 2012, D01109.

- LIONELLO, P. e SCARASCIA, L.: “The relation between climate change in the Mediterranean region and global warming”, *Regional Environmental Change*, 18(5), 2018, 1481-1493.
- MADUREIRA, H. e MONTEIRO, A.: “Going Green and Going Dense: A Systematic Review of Compatibilities and Conflicts in Urban Research”, *Sustainability*, 13(19), 2021, 10643.
- MADUREIRA, H., MONTEIRO, A. e CRUZ, S.: “Where to Go or Where Not to Go—A Method for Advising Communities during Extreme Temperatures”, *Climate*, 9(3), 2021, 49-51.
- MADUREIRA, H., PACHECO, M., SOUSA, C., MONTEIRO, A., et al.: “Evidences on adaptive mechanisms for cardiorespiratory diseases regarding extreme temperatures and air pollution: A comparative systematic review”, *Geography and Sustainability*, 2(3), 2021, 182-194.
- MARTIN-VIDE, J. e OLCINA-CANTOS, J.: *Climas y tiempos de España*, Alianza, 2001.
- MASSELOT, P., MISTRY, M., VANOLI, J., SCHNEIDER, R., et al.: “Excess mortality attributed to heat and cold: a health impact assessment study in 854 cities in Europe”, *Lancet Planet Health*, 7(4), 2023, e271-e281.
- MONTEIRO, A.: “O clima urbano do Porto”. In *contribuição para a definição das estratégias de planeamento e ordenamento do território*, Fundação Calouste Gulbenkian, 1997, p. 201-215.
- MONTEIRO, A.: “Morbidity during cold spells in mild winter contexts like Portugal are mainly due to climate or to vulnerability?”. In *Riscos climáticos*, 2014, p. 319-342.
- MONTEIRO, A., CARVALHO, V., OLIVEIRA, T. e SOUSA, C.: “Excess mortality and morbidity during the July 2006 heat wave in Porto, Portugal”, *Int J Biometeorol*, 57(1), 2013, 155-167.
- MONTEIRO, A., CARVALHO, V., VELHO, S. e SOUSA, C.: “The accuracy of heat index to explain the excess of mortality and morbidity during heat waves : a case study in a Mediterranean climate”, *Bulletin of Geography: socio-economic series*, 2012, 71-84.
- MONTEIRO, A. e MADUREIRA, H.: “Ventos fortes e temperaturas excecionais: riscos para a sociedade”. In L. LOURENÇO e A. VIEIRA (ed.), *Catástrofes Naturais: Uma abordagem global*, Imprensa da Universidade de Coimbra, Coimbra, 2020, p. 13-42.
- MONTEIRO, A., MADUREIRA, H., FONSECA, L. e VELHO, S.: *2.ª Revisão do PDM do Porto - Suporte Biofísico e Ambiente/ Clima e Ambiente Urbano: Relatório de Caracterização e Diagnóstico*, Direção Municipal de Urbanismo, Câmara Municipal do Porto, Porto, 2017.
- OFFICIAL JOURNAL OF THE EUROPEAN UNION: *Regulation (EU) 2021/1119 establishing the framework for achieving climate neutrality and amending Regulations (EC) No 401/2009 and (EU) 2018/1999 ('European Climate Law')*, 2021, <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/?uri=CELEX%3A32021R1119>
- OKE, T. R.: “City size and the urban heat island”, *Atmospheric Environment (1967)*, 7(8), 1973, 769-779.

- PEÑA-ANGULO, D., GONZALEZ-HIDALGO, J. C., SANDONÍS, L., BEGUERÍA, S., et al.: “Seasonal temperature trends on the Spanish mainland: A secular study (1916–2015)”, *International Journal of Climatology*, 41(5), 2021, 3071-3084.
- PERKINS-KIRKPATRICK, S. E. e LEWIS, S. C.: “Increasing trends in regional heatwaves”, *Nat Commun*, 11(1), 2020, 3357.
- ROBINE, J. M., CHEUNG, S. L., LE ROY, S., VAN OYEN, H., et al.: “Death toll exceeded 70,000 in Europe during the summer of 2003”, *C R Biol*, 331(2), 2008, 171-178.
- RUSSO, S., SILLMANN, J. e FISCHER, E. M.: “Top ten European heatwaves since 1950 and their occurrence in the coming decades”, *Environmental Research Letters*, 10(12), 2015, 124003.
- SERRANO-NOTIVOLI, R., LEMUS-CANOVAS, M., BARRAO, S., SARRICOLEA, P., et al.: “Heat and cold waves in mainland Spain: Origins, characteristics, and trends”, *Weather and Climate Extremes*, 37, 2022,
- TOBIAS, A., ROYE, D. e INIGUEZ, C.: “Heat-attributable Mortality in the Summer of 2022 in Spain”, *Epidemiology*, 34(2), 2023, e5-e6.
- TUEL, A. e ELTAHIR, E. A. B.: “Why Is the Mediterranean a Climate Change Hot Spot?”, *Journal of Climate*, 33(14), 2020, 5829-5843.
- USGS: *Landsat 8-9 Collection 2 (C2) Level 2 Science Product (L2SP) Guide (Version 4.0)*, 2022, <https://www.usgs.gov/media/files/landsat-8-9-collection-2-level-2-science-product-guide>
- ZHAO, L., OPPENHEIMER, M., ZHU, Q., BALDWIN, J. W., et al.: “Interactions between urban heat islands and heat waves”, *Environmental Research Letters*, 13(3), 2018, 034003.

# TEMPOS NOVOS

revista mensual de información e opinión para o debate



## SUBSCRÍBETE!

subscricions@temposnovos.net  
Tamén no teléfono 981 557 117

WWW.TEMPOSDIXITAL.GAL



## *Si ka badu, ka ta biradu.* Unha experiencia de investigación sobre coidados transnacionais levada ao audiovisual

**Luzia Oca González**

*Universidade de Santiago de Compostela*

**Keina Espiñeira**

*Universidade da Coruña*

**Belén Fernández Suárez**

*Universidade da Coruña*

**Antía Pérez-Caramés**

*Universidade da Coruña*

**Iria Vázquez Silva**

*Universidade de Vigo*

**RESUMO:** Este artigo mostra a intersección entre unha investigación etnográfica e un documental audiovisual. En concreto, levouse a cabo unha investigación no comportamento transnacional das familias migrantes caboverdianas en Burela, analizando, concretamente, o fluxo das remesas e tamén dos coidados transnacionais. A aproximación que facemos ás familias transnacionais caboverdianas adopta un enfoque de xénero, onde se observa a relevancia das mulleres caboverdianas no tecido desas relacións transnacionais entre a Illa de Santiago e Burela. Así mesmo, o enfoque é lonxitudinal, dando conta da diversidade de formas familiares existentes, que responden a distintos momentos do ciclo familiar e migratorio, así como a graos diferentes de transnacionalización e dispersión internacional da familia. Con base nestes criterios, deseñouse unha estratexia metodolóxica multisituada en Burela e Cabo Verde a través do seguimento de cinco familias. Un dos froitos desta investigación é o documental *Si ka badu ka ta biradu*, onde o uso de técnicas audiovisuais dialoga co propio proceso investigador.

**Palabras chave:** migración caboverdiana; Galicia; enfoque de xénero; coidados; prácticas transnacionais.

## Si ka badu, ka ta biradu. Una experiencia de investigación sobre cuidados transnacionales llevada al audiovisual

**RESUMEN:** Este artículo muestra la intersección entre una investigación etnográfica y un documental audiovisual. En concreto, se ha llevado a cabo una investigación sobre el comportamiento transnacional de las familias migrantes caboverdianas en Burela, analizando, concretamente, el flujo de remesas y también de cuidados transnacionales. La aproximación que hacemos a las familias transnacionales caboverdianas adopta un enfoque de género, donde se observa la relevancia de las mujeres caboverdianas en el tejido de estas relaciones transnacionales entre la isla de Santiago y Burela. Asimismo, el enfoque es longitudinal, dando cuenta de la diversidad de formas familiares existentes, que responden a distintos momentos del ciclo familiar y migratorio, así como a grados diferentes de transnacionalización y dispersión internacional de la familia. Con base en estos criterios, se diseñó una estrategia metodológica multisituada en Burela y Cabo Verde a través del seguimiento de cinco familias. Uno de los frutos de esta investigación es el documental Si ka badu ka ta biradu, donde el uso de técnicas audiovisuales dialoga con el propio proceso investigador.

**Palabras clave:** migración caboverdiana; Galicia; enfoque de género; cuidados; prácticas transnacionales.

## Si ka badu, ka ta biradu. A research experience on transnational care brought to audiovisual

**ABSTRACT:** This article shows the intersection between an ethnographic research and an audiovisual documentary. Specifically, research has been carried out on the transnational behaviour of Cape Verdean migrant families in Burela, analysing, particularly, the flow of remittances and transnational care. Our approach to Cape Verdean transnational families adopts a gender focus, where we observe the relevance of Cape Verdean women in the fabric of these transnational relationships between the island of Santiago and Burela. Likewise, the approach is longitudinal, taking into account the diversity of existing family forms, which respond to different moments in the family and migratory cycle, as well as to different degrees of transnationalisation and international dispersion of the family. Based on these criteria, a multisite methodological strategy was designed in Burela and Cape Verde through the monitoring of five families. One of the fruits of this research is the documentary *Si ka badu ka ta biradu*, where the use of audiovisual techniques dialogues with the research process itself.

**Keywords:** Cape Verdean migration; Galicia; gender approach; care; transnational practices.

## 1. Introducción

O documental *Si ka badu ka ta biradu* é o resultado dun proceso de investigación sobre a circulación transnacional das remesas e os cuidados articulada polas mulleres entre a illa de Santiago, en Cabo Verde, e a localidade mariñeira de Burela, en Galicia. O filme segue a vida de cinco familias transnacionais que abranguen ata catro xeracións de mulleres migrantes, que relatan as súas vidas e dan conta do funcionamento da división sexual do traballo a escala transnacional. A medida que profundamos na natureza de facer unha filme etnográfica descubrimos a súa significación como ferramenta metodolóxica.

O campo dos estudos migratorios está a experimentar un gran interese polas visualidades e os métodos de investigación visuais (Martiniello, 2017; Nikielska-Sekula e Desille, 2021; Smets et ao., 2019). En particular, os métodos audiovisuais resultan moi suxestivos para investigar os procesos de mobilidade, xa que as imaxes facilitan a visualización e o exame do movemento e o posicionamento espacial dos corpos, xunto coas consecuentes interaccións sociais. O potencial inherente dos audiovisuais reside na súa capacidade para captar as dimensións sensoriais da migración. O rexistro das expresións corporais e os sinais non verbais permite profundar nos aspectos afectivos e emocionais da experiencia migratoria, así como na súa comunicación dentro das comunidades ou a públicos máis amplos.



Imaxe: Belén Fernández Suárez, Illa de Santiago (traballo de campo).

O proxecto de investigación que sustenta a produción filmica deste traballo foi un estudo en materia de cooperación ao desenvolvemento que levou por título “*Familias caboverdianas en Galicia. Impacto para o desenvolvemento da transnacionalización dos coidados e as remesas*” e foi financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, desenvolvéndose entre finais do ano 2021 e comezos do 2023. O proxecto foi realizado en colaboración coa ONG AGARESO (Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social), unha organización sen ánimo de lucro, formada por un colectivo de profesionais do entorno da comunicación en Galicia que desenvolven, principalmente, proxectos de cooperación internacional e de educación para o cambio e acción social. A investigación foi desenvolvida por un equipo formado por cinco investigadoras de diversas disciplinas: Antropoloxía, Socioloxía, Ciencias Políticas e Comunicación audiovisual; todas elas con formación e especialización investigadora en feminismo e xénero, integrando as unidades e centros de investigación nesta materia das súas institucións de pertenza, e estando adscritas ás tres Universidades do Sistema Universitario Galego (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo).

Para alén da investigación concreta que dá lugar á realización do documental, o traballo de pesquisa desta equipa conta á altura da publicación deste artigo cunha traxectoria dunha década, na que vén indagando sobre a imbricación entre as migracións e o xénero, e, particularmente, repousa na experiencia investigadora de máis de dúas décadas dunha das súas integrantes, a antropóloga, Luzia Oca. Esta iniciou en 1998 a súa relación coa comunidade de orixe caboverdiana asentada na localidade de Burela, onde coordinou un traballo pioneiro de intervención, baseado no método etnográfico, que se desenvolveu ao longo de tres anos e sentou as bases da atención municipal aos colectivos migrantes da localidade. Máis de dúas décadas despois, e após unha longa investigación antropolóxica, que ampliou o seu terreo á illa de Santiago en Cabo Verde, os coñecementos adquiridos e a ampla rede de contactos tecida nas localidades de orixe, constituíron o punto de partida deste traballo audiovisual.

## 2. O marco contextual

A chegada de inmigrantes caboverdianos a Galicia é un exemplo do “xiro migratorio” que tivo lugar nos países do Sur de Europa, cando países como Portugal, España e Italia pasaron de ser países de emigración a países de inmigración (King, Fielding e Black, 1997). Os traballadores estranxeiros veñen a cubrir os nichos laborais abandonados polos nacionais que non aceptan as condicións de traballo de determinados sectores. Desta forma, a man de obra estranxeira incorpórase a un mercado de traballo secundario como é a pesca en Galicia. O sector pesqueiro vive unha progresiva substitución de traballadores nativos por outros chegados de fóra: primeiro na mariña mercante, posteriormente na flota pesqueira de altura e grande altura propiciada polos acordos internacionais, e finalmente, nos barco de baixura e artesanais. Este proceso de substitución étnica no mundo do mar galego débese á dureza das condicións laborais do sector, a uns beneficios económicos decrecentes, ás largas paradas de actividade por motivos biolóxicos e á oferta de traballo en sectores pouco cualificados como a construción que reduciron o volume de mariñeiros autóctonos (Piñeiro Antelo, Durán Villa e Santos, 2018).

A inmigración caboverdiana está presente en Burela desde finais dos anos 70, cando un grupo, composto maioritariamente por homes, chegou para traballar na construción dunha fábrica de aluminio na contorna. Unha vez rematada esta montaxe, en 1978, algúns homes conseguiron inserirse laboralmente na pesca de alta mar, nun momento en que os autóctonos estaban a retirarse deste sector pola dureza das condicións de traballo. Foi a partir deste data que se asentou unha primeira e pequena comunidade, que xa contaba con algunhas mulleres e crianzas. Ao longo de toda a década dos 80 produciuse un lento pero continuo proceso de chegada de homes para traballar no sector pesqueiro<sup>1</sup> e unha serie de movementos de reagrupamento familiar, a través dos cales chegaron esposas e crianzas a Galicia, na maior parte dos casos, vía Portugal. A comunidade no fin desta década dos oitenta chegou a estar constituída por unhas 250 persoas (Oca, 2015a).

Os anos 1990, en especial o período 1993/1999, foron de crise para a comunidade, que perdeu boa parte dos seus integrantes por causa da aplicación da política pesqueira da Comunidade Económica Europea (CEE), cun movemento de re-emigración a outras xeografías, entre as que destacou a cidade de Zaragoza, pero tamén con destinos internacionais a enclaves nos que había presenza caboverdiana como Lisboa, París ou Marsella. Estímase que arredor de 100 persoas abandonaron Burela, nalgúns casos, familias enteiras.

A situación das mulleres desta comunidade ten sido caracterizada pola súa excepcionalidade nas colectividades migrantes orixinais de Santiago. Até a entrada da década de 2000, todas as mulleres que migraron a Burela fixérono en calidade de esposas, seguindo o padrón migratorio da illa de Santiago, no que o home é considerado actor principal. Esta excepcionalidade está relacionada co padrón de inserción laboral dos seus maridos, que entre 1978 e 2005 tiveron a pesca de altura como única opción posíbel, ocupando un nicho laboral non desexado pola poboación autóctona (Oca, 2015b). A ausencia dos homes caboverdianos durante os longos períodos de pesca levou a que as mulleres se foran convertendo, primeiro, nas responsábeis da estruturación interna da comunidade e do proceso de enculturación das persoas descendentes, a quen transmitiron a lingua e cultura caboverdianas. Co paso do tempo, as mulleres acabaron por se converter nas representantes e interlocutoras públicas do colectivo perante as institucións de Burela e a sociedade en xeral.

Pero esa posición non indica un poder por parte das mesmas, polo menos nas dúas primeiras décadas de vida da comunidade. A inexistencia de grupos domésticos encabezados por mulleres soas, sen maridos, amosa a centralidade dos homes na estrutura familiar. A pesar desta centralidade, as características do emprego masculino propiciaron unha monoparentalidade temporal e cíclica en grupos domésticos, caracterizados pola ausencia periódica do pai, constituídos como grupos domésticos matrifocais, nos que a figura feminina constitúe o elemento central. Esta centralidade xorde como consecuencia da imposibilidade temporal de realizar o ideal da familia e non como alternativa ao dominio masculino, polo tanto, trátase dunha matri-focalidade integrada nun contexto social de forte dominación masculina (Oca, 2013).

<sup>1</sup> Para máis información sobre o traballo e incorporación dos mariñeiros caboverdianos ao sector pesqueiro en Burela ver Oca, Luzia (2015b). «De Cabo Verde a Galicia: Trabajo en la pesca y transformación de las relaciones de género en contexto migratorio». *Revue Internationale d'Ethnographie*, 5, 90-103.

A partir do inicio da década de 2000, a comunidade caboverdiana experimentou un acelerado crecemento, que a levou a cuadruplicar o seu volume até 2011, pasando das 500 persoas residentes na localidade burelá e a súa contorna. Nesta fase, as familias de longa residencia puxeron en xogo o seu capital económico e social, para facilitar a migración legal da súa parentela residente en Cabo Verde, destacando a figura dos sobriños e sobriñas. Perante un contexto de proliferación de ofertas de emprego en sectores laborais feminizados (nomeadamente, o sector dos coidados e a hostalería) comezou a desenvolverse unha corrente migratoria autónoma de mulleres, a maior parte delas, nais solteiras en orixe. Tamén moitas mulleres caboverdianas asentadas en Burela incorporáronse laboralmente a empregos baseados en tarefas feminizada no ámbito pesqueiro como é traballo en empresas de procesados de peixe. Reproduciase na comunidade caboverdiana unha división do traballo no mundo do mar que reproduce una ideoloxía de xénero onde as actividades no mar se asociaban á masculinidade e as actividades con base na terra á feminidade (Fløysand e Sæther, 2007).

Na actualidade, a comunidade caboverdiana que reside en Burela conta até con catro xeracións e o fluxo migratorio persiste, polo que existe renovación e dinamismo na colectividade.

### 3. As mulleres da illa de Santiago de Cabo Verde

As principais localidades de orixe da corrente migratoria badía a Burela están situadas en medios rurais costeiros da illa de Santiago, pertencendo aos concellos de Santa Catarina e Ribeira Grande de Santiago, que ocupan a maior parte da costa oeste e do centro da illa. Este territorio pode ser definido pola súa aridez, agás nalgunhas ribeiras, nas que o verde da vexetación contrasta coa cor castaña predominante. Alén da situación xeográfica e o seu reducido tamaño, as principais localidades de orixe partillan unha situación periférica dentro da illa. A orla costeira oeste de Santiago está marcada pola escasa poboación, sobre todo canto máis perto da costa, que está salpicada de pequenos núcleos, máis ou menos distantes.

As mulleres *badías*, foron consideradas dende o inicio do poboamento como forza de traballo escrava, existindo unha continuidade nesa consideración das mulleres como traballadoras, sendo un elemento de identidade que se suma ao primordial da súa consideración como reprodutoras e traballadoras domésticas e de coidados. Estas mulleres traballan polo tanto en dous espazos diferenciados: tanto dentro do grupo doméstico como fóra del.

Nas illas emerxeron dous tipos de estrutura familiar que coexisten até a actualidade: unha de orientación patrilocal e outra matrilocal, asociadas a unha filiación bilateral, que reconece ambas liñas de parentesco, paterna e materna. Na familia caboverdiana existiu ao longo dos tempos unha forte tendencia á matrifocalidade nas familias de ambas orientacións, entendida como un tipo de organización social no que a nai ten unha posición central na familia, dende o punto de vista estrutural, afectivo e cultural.

É necesario resaltar que ambas orientacións, patrilocal e matrilocal, están enmarcadas nun sistema ideolóxico patriarcal, no que a monoparentalidade feminina xorde como resultado da imposibilidade de concreción do ideal de familia, baseado no matrimonio católico e non como alternativa ao dominio masculino. Na sociedade badía persiste a ideoloxía patriarcal da

organización familiar, sustentada na presenza masculina como figura de autoridade no grupo doméstico, que ademais sería máximo responsábel da esfera de produción. Esta ideoloxía presenta unha notábel vitalidade, a pesar de que na práctica o home é unha figura ausente na metade dos fogares. Esta vitalidade da ideoloxía de xénero dificulta o empoderamento feminino, nos casos en que mulleres en solitario ou xunto con outras mulleres son capaces de cumprir a totalidade das funcións de provisión dos grupos domésticos (Oca, 2015a).

### 4. A formulación da investigación

Esta investigación centrouse na análise do comportamento transnacional das familias migrantes caboverdianas, estudando, concretamente, dous procesos de circulación entre ambos os extremos da corrente migratoria: o das remesas e o dos coidados. No relativo ás remesas e, aínda sabendo da enorme importancia que teñen as achegas monetarias da diáspora para o arquipélago, que no ano 2022 representaron case o 15% do PIB, de acordo cos datos do Banco Mundial, quixemos analizar tamén as denominadas remesas sociais. Este concepto xurde a finais dos anos noventa para dar conta da circulación de ideas, valores, comportamentos, identidades e capital social e non só bens económicos ao longo do espazo social transnacional que tecen as persoas migradas coas súas comunidades de orixe (Levitt, 1998; Levitt e Lamba-Nieves, 2011). En certo modo, na investigación consideramos os coidados como unha forma máis de remesa social, pero tamén as remesas como unha forma de coidar da familia que está lonxe, polo que entrelazamos ambos os elementos ao considerar que as prácticas sociais transnacionais son unha forma de garantir a sustentabilidade da vida entre as comunidades diaspóricas, como é o caso da caboverdiana.

A aproximación que facemos a esta temática central da investigación ten en conta a cuestión do cambio xeracional, polo que adopta un enfoque lonxitudinal, mais tamén pretende dar conta da diversidade de formas familiares existentes, que responden a distintos momentos do ciclo familiar e migratorio, así como a graos diferentes de transnacionalización e dispersión internacional da familia. Con base nestes criterios, deseñouse unha estratexia metodolóxica multisituada en Burela e Cabo Verde.

A metodoloxía da investigación foi de carácter mixto e se articula fundamentalmente a través de dous métodos de investigación:


- » 1. O traballo de campo etnográfico lonxitudinal desenvolvido previamente en ambos extremos da corrente migratoria (Galicia e Cabo Verde). Para este proxecto, en primeiro lugar, iniciouse o traballo de campo en Burela coa selección das familias, onde foron identificadas un total de cinco grupos familiares, seguindo criterios como as fases de chegada, xeracións presentes, tipos de familia e localidades de orixe, co obxectivo de captar a diversidade dentro das comunidades de orixe e destino. Nesta fase de traballo de campo en Burela realizáronse 12 entrevistas entre novembro e decembro de 2021. A partir deste traballo preparouse a segunda fase do traballo de campo, que se desenvolveu en febreiro de 2022 en Cabo Verde (localidades de Cidade Velha, Porto Rincão, Atxada Tenda e Picos, ademais da capital, Praia), seguindo as indicacións e contactos das familias de Burela. En Cabo Verde foron realizadas 19 entrevistas con mulleres de cada

unha das familias, nas que se trataron asuntos relacionados coa organización e prestación de coidados no espazo transnacional, así como os patróns de remesas. O traballo de investigación posterior levounos a ampliar a xeografía da investigación, realizando 5 entrevistas en total a mulleres dos grupos familiares con residencia na Grande Lisboa e en París, onde existen múltiples ramificacións da comunidade transnacional con orixe na illa de Santiago.

- » 2. A segunda metodoloxía integrada neste proxecto consistiu no uso de técnicas audiovisuais. Estas técnicas desempeñaron un papel crucial no apoio e documentación da investigación, rexistrando as testemuñas, as narracións e os espazos narrativos a nivel audiovisual, coa participación neste eido da ONG AGARESO. Un aspecto innovador deste proxecto foi a incorporación de técnicas audiovisuais non só como ferramenta de investigación, senón tamén como medio principal de divulgación de resultados e sensibilización. Neste senso, a cámara de vídeo foi unha ferramenta que acompañou e documentou o proceso de investigación ao longo de todo o traballo de campo. De feito, seguindo os principios da antropoloxía audiovisual participativa, iniciouse un proceso compartido de reflexión sobre o material filmado. Así, a estrea do documental o 18 de decembro de 2022, realizouse en Burela coa presenza de parte das familias protagonistas, xerándose un debate posterior á proxección sobre o contido da película, mais tamén sobre o proceso de creación.

Nos estudos críticos contemporáneos sobre migración, os métodos visuais esfórzanse por transcender as meras análises de representación, buscando un compromiso máis profundo coas accións. O obxectivo é reforzar ás persoas participantes na capacidade de representación e re-equilibrar as dinámicas de poder nas interaccións da investigación. Dentro das estratexias participativas, especialmente no contexto da cinematografía, o elemento visual, en tanto que proceso, pode emerxer como un “encontro” (Richardson-Ngwenya, 2012) que facilita a creación de coñecemento, en lugar de limitarse a medialo. Isto subliña unha preocupación central nos estudos, a saber, a exploración da representación e a construción de arquetipos narrativos, particularmente no contexto das mulleres africanas como figuras migrantes. Nesta conxuntura, resulta crucial examinar como o filme resultante nos desafía a nivel conceptual. De que maneira o filme é capaz de cuestionar os nosos paradigmas conceptuais?

A través destas técnicas, a investigación formula como obxectivo principal a visibilización e posta en valor da achega das mulleres caboverdianas ás estratexias de supervivencia tanto das súas propias familias, na súa acepción transnacional, como das familias galegas ás que prestan o seu traballo de coidados. Entre os obxectivos específicos, máis concretos, atópase en primeiro lugar a avaliación da reorganización familiar nos contextos migratorios, tendo en conta dúas áreas fundamentais: a reorganización do traballo de coidados e o envío de remesas. Así mesmo, propúxose a identificación e análise da cadea global de coidados nas familias caboverdianas desde un enfoque lonxitudinal, examinando as distintas xeracións de mulleres caboverdianas que se asentaron en Galicia desde os anos 1970, así como as transformacións desta organización transnacional de coidados ao longo do ciclo vital das mulleres. Por último, investigouse sobre o papel da circulación dos coidados e das remesas no espazo transnacional



Imaxe: Belén Fernández Suárez, Illa de Santiago (traballo de campo).

tecido pola comunidade caboverdiana en Galicia no desenvolvemento e benestar, tanto das familias do país de orixe como da sociedade galega de destino.

Vinculado a estes obxectivos, o principal enfoque teórico que se empregou para a análise da circulación transnacional do traballo reprodutivo entre Cabo Verde e Galicia foi o das cadeas globais de coidados. Esta teoría serve para analizar a inserción laboral das mulleres migrantes a través do traballo doméstico e de coidados de crianzas e maiores nos países de destino, ao tempo que incorpora unha reflexión sobre os efectos de esta emigración nos países de orixe. Con este dobre ángulo analítico ponse de manifesto que son as mulleres máis pobres procedentes de países do sur global as que coidan de criaturas e persoas dependentes das familias máis acomodadas dos países do norte global, ao tempo que precisan procurar entre as súas comunidades de orixe, o apoio doutras mulleres máis pobres, maiores, da contorna rural... para facerse cargo das responsabilidades e traballos de coidados que deixan coa súa partida (Yeates, 2009, 2011). Trátase, en palabras da socióloga estadounidense Arlie Russell Hochschild (2001), dunha fuga de coidados desde os países empobrecidos aos enriquecidos. Diferentes estudos de caso teñen analizado este fenómeno en diferentes contextos xeográficos, sendo unánimes con respecto a unha das características principais das persoas que compoñen cada un dos elos da cadea: estas son, maioritariamente, mulleres.

O enfoque das cadeas globais de coidados visibiliza a xestión do traballo de coidados nas migracións, a través das mulleres que migran, mais ao mesmo tempo leva á necesaria incorporación na análise das persoas que fican no país de orixe. Así, coidar a través das fronteiras, ou conceptos como os “coidados transnacionais”, a “circulación dos coidados” ou a “familia a distancia” (Lobo e Braz, 2016) ocuparon estudos e debates desde finais do século XX até á actualidade (Baldassar et al., 2006).



Porén, hai que resaltar que son escasos os estudos sobre cadeas globais de coidado con migracións africanas como protagonistas. O estudo de caso que aquí se presenta, baseado nas migracións caboverdianas, pon de manifesto unha serie de especificidades que poden contribuír para enriquecer o debate teórico sobre o papel das distintas estruturas e papeis familiares nos procesos migratorios. Como se verá máis adiante, os agregados familiares caboverdianos son maioritariamente de natureza extensa, e neles coexisten os padróns patrilocal e matrilocal. Este escenario fará necesario atender outras relacións distintas da conxugal entre os/as migrantes e seus/súas familiares en orixe, primando as relacións familiares interxeracionais como eixe prioritario de análise.

## 5. A experiencia transnacional das familias caboverdianas a través do documental

Polo tanto, espérase que a taxa de fecundidade dos países en desenvolvemento descenda de 2,7 a 2,2 en 2050 (OIT, 2013; DESA, 2015).

Tamén se espera, que a poboación total de 38 países en 2050 sexa menor que en 2018. En China pode rexistrarse o maior descenso (numérico) da poboación de case 50 millóns de persoas, seguida de Xapón con case 25 millóns. E despois o maior descenso pode atoparse en Rusia, con case 9,4 millóns. Neste contexto, Romanía será testemuña do maior descenso da poboación en termos relativos, cun 23% (Bricker & Ibbitson, 2019a; Vollset, et al., 2020).

A maior concentración de poboacións (por debaixo do nivel de substitución) atópase no leste de Asia, ademais as comunidades demográficas máis grandes (por debaixo do nivel de substitución) están en China. O descenso global da fecundidade tamén irá acompañado dun descenso da proporción de mozos na maioría dos países do mundo. Prevese que a poboación xuvenil mundial (de 15 a 24 anos) ascenderá a 1.400 millóns en 2050 (PNUD, 2014).

Pero a proporción da mocidade na poboación mundial caerá ata o 14% do 16%, sendo a maior caída en Asia Oriental e no Pacífico (do 17,3% en 2010 ao 10,7% en 2050). E as rexións con maior proporción de mozos na súa poboación son da África subsahariana (20,2%). Ade-

mais, espérase que a proporción de mozos na poboación total caia na maioría das rexións para 2050 (PNUD, 2018; Herrmann, 2022).

Esta realidade futura esixirá asumir grandes responsabilidades políticas e económicas, os gobernos desas rexións, en cooperación coa comunidade internacional, deben traballar para afrontar seriamente estes desafíos. Isto co fin de garantir a oferta de oportunidades laborais para a mocidade, do contrario, o aumento do desemprego levará a enfrontarse nesas áreas a un malestar social e político que terá un impacto máis aló da realidade política (Rabadi, 2022a).

#### 3.2. O cambio dramático no equilibrio demográfico

Hai un cambio dramático no equilibrio demográfico entre os países máis desenvolvidos e os menos desenvolvidos, onde se prevé que o crecemento se produza nos próximos 40 anos nos países en desenvolvemento. A metade do aumento producirase entre 2015 e 2050 (DESA, 2019a). Tamén se produciron diferentes cambios demográficos a unha velocidade notable. Por exemplo, poucos expertos puxeron en dúbida a idea da superioridade da poboación de China nas próximas décadas, pero as estatísticas actuais confirman o fin do dominio demográfico de China. A India podería converterse no país máis grande en termos de poboación durante a próxima década (Chaurasia, 2019; DESA, 2019b). As proxeccións das Nacións Unidas indican que para 2024, a India superará a China para converterse no país máis poboado do mundo. Tendo en conta, que as expectativas sempre están asociadas a un certo grao de incerteza, isto significa que hai marxe para o cambio. Neste contexto, estes cambios certamente traerán moitos dilemas demográficos futuros á India (Eggleston, 2017).

Se as tendencias demográficas mundiais actuais continúan ata 2050, provocarán superpoboación e masificación urbana. A maior parte deste crecemento producirase nos países en desenvolvemento. Estímase que o 35% de todo o crecemento da poboación urbana darese na India (17%), en China (10%) e en Nixeria (8%). Isto significa que os países pobres terán que construír o equivalente a unha nova cidade que conteña máis dun millón de habitantes cada semana durante os próximos 40 anos (Desjardins, 2019).

Esta realidade terá implicacións nas posibilidades potenciais de deseñar, construír e manter estas novas cidades dunha forma máis acaída (Ross, 2019); un importante desafío global nos seguintes niveis:

- » 1. Retos para a seguridade alimentaria mundial. Se non hai un aumento da agricultura urbana, todas as mulleres rurais terán que pasar de proporcionar alimentos para si mesmos e para un habitante urbano (como hoxe), a proporcionar alimentos para si mesma e dous habitantes urbanos (no ano 2050). Tendo en conta, que a maioría dos traballadores agrícolas do mundo son mulleres (UNFPA, 2019; FAO, 2018).
- » 2. Relación dialéctica entre crecemento demográfico e cambio climático, á que o continente europeo presta maior atención. Por exemplo, en África subsahariana, é probable que a poboación se duplique en 2060, ata os 2.200 millóns de persoas. Co desenvolvemento social estancado e a falta de expansión da escolaridade, este podería chegar ata os 2.700 millóns. Isto, á súa vez, levaría a unha pobreza xeneralizada e unha alta vulnerabilidade aos efectos do cambio climático con graves implicacións para a emigración potencial (Lutz, et al., 2018; Moran, 2017).

## 4. Estructura de idade e dividendo demográfico

Varios países de todo o mundo sufrirán unha realidade similar á europea, ou quizais peor, en termos de aumento da taxa de envellecemento, o cal se converterá nun reto global no futuro (Rabadi, 2023a). Neste contexto, en 2020 había 727 millóns de persoas de 65 ou máis anos no mundo, e agárdase que durante as próximas tres décadas a cifra se duplique ata superar os 1.500 millóns (en 2050). Todos os países e continentes presenciaron un aumento da taxa de envellecemento, e así a proporción pasará do 9,3% en 2020 a, aproximadamente, o 16% en 2050 (Jing et al., 2019; DESA, 2020; DESA, 2015a).

### 4.1. A problemática do dividendo demográfico

A estrutura de idade cambiará drasticamente, a un ritmo acelerado, e terá implicacións estratéxicas críticas, incluíndo as problemáticas asociadas a The Demographic Dividend. Isto significa que o crecemento económico pode aparecer asociado aos cambios na estrutura de idade dun país. Así, a forza de traballo crecerá máis rápido que o número de persoas que dependen dela, creando e abrindo unha ampla ventá para a posibilidade dun crecemento económico máis rápido, e o consecuente maior benestar familiar (Bacci, 2017).

Por exemplo, un dos dilemas aos que se enfrontará China no futuro, é a rápida transición dun país novo a un país envellecido. Isto significa que China pode estar envellecendo antes de converterse nun país rico (Jing, et al., 2019a). Un indicador comunmente usado para a velocidade do envellecemento da poboación é o número de anos para que a poboación dun país de 65 ou máis anos pase do 7% da poboación total ao 14%. Se utilizamos Francia como un modelo para comparar, debemos sinalar que tardou 115 anos en chegar a duplicar a súa proporción de poboación maior (Ogawa, 2021).

Outros exemplos importantes que se poden citar, teñen que ver cos países europeos. Estes, precisaron ou esperaron case medio século ou máis para conseguir esta duplicación. Por exemplo, en Suecia levou 85 anos. En América do Norte, concretamente nos Estados Unidos, esa duplicación levou uns 70 anos. E en Australia, a duplicación levou uns 73 anos (Kiss, et al., 2020). Por outra banda, entre os países máis desenvolvidos, Xapón foi a excepción. A súa poboación maior duplicouse do 7% ao 14% en só 25 anos (1970 a 1995) (Sokolovsky, 2020).

Así, pódese dicir, que mentres a maioría dos países máis desenvolvidos xa completaron esta duplicación, os países en desenvolvemento (especialmente os de América Latina e Asia) comezaron a marchar nesta dirección, pero parecen avanzar moito máis rápido do que o fixeran os desenvolvidos (Berganza, et al., 2020). Queda moi claro que o envellecemento avanza aínda máis rápido nos países en desenvolvemento (He, et al., 2016; Dossa, et al., 2017). Por exemplo, en 8 dos países en desenvolvemento, prevese que a proporción da poboación de idade avanzada alcance o 14% en 30 anos ou menos: Bangladesh, Brasil, Chile, China, India, Indonesia, Turquía e Tailandia (PNUD, 2013; PNUD, 2018a).

En consecuencia, o feito de que esta duplicación poida levar só dúas décadas en moitos países asiáticos e latinoamericanos, suscitará serias preocupacións sobre como facer fronte á rápida expansión do fenómeno do envellecemento nas súas sociedades e para afrontar os retos derivados dela (Chen, 2016; DoD, 2016).

### 4.2. Cuestións estratéxicas

Hai implicacións estratéxicas moi importantes para todo o relacionado coas taxas de envellecemento da poboación, xa que a maioría dos países en desenvolvemento seguen sendo pobres a pesar da transición demográfica. En consecuencia, moitos destes países terán dificultades para tratar de satisfacer as crecentes necesidades da poboación maior. Moitos países en desenvolvemento só teñen unha breve xanela de oportunidade para aproveitar todos os beneficios do dividendo demográfico dunha poboación en idade de traballar máis grande (Rahman, et al., 2021).

Por iso, esta realidade subliña a importancia de crear unha contorna política propicia para beneficiarse do dividendo demográfico. Isto require atopar estratexias baseadas en políticas e programas que guíen o camiño da transición demográfica nos países en desenvolvemento (Dramani, et al., 2023).

Por exemplo, moitos países (especialmente a África subsahariana) están tentando centrarse en aumentar as oportunidades de traballo, reducir o desemprego ou garantir un mercado de traballo produtivo, pero todos estes esforzos seguen sendo incompletos a menos que vaian acompañados de investimentos reais e efectivos en gobernanza, educación, saúde e empoderamento da muller (Cardona, et al., 2020). En consecuencia, e baixo os indicadores que confirman o aumento sen precedentes da taxa de envellecemento, hai moitas cuestións estratéxicas relacionadas coas seguintes cuestións:

- » 1. En que medida os países en desenvolvemento poden beneficiarse (na máxima medida posible) do dividendo demográfico mentres aumentan o crecemento da poboación e o envellecemento (ADB, 2019)?
- » 2. Cal é o impacto do novo patrón demográfico (envellecemento global) no futuro de Europa?

En consecuencia, se non se realizan os investimentos reais necesarios (en termos de educación, saúde e emprego, etc.) para potenciar as posibles oportunidades económicas e obter dividendos demográficos (Sewamala, 2015).

Este rápido crecemento demográfico a nivel de envellecemento podería ter graves efectos negativos a todos os niveis, xa sexa nos países en desenvolvemento ou nos países europeos en particular (OIT, 2019). Neste contexto, hai que ter en conta que existe un impacto significativo das presións demográficas relacionadas coas altas taxas de fecundidade ou o rápido aumento do fenómeno do envellecemento nos países en desenvolvemento no nivel de termos de alta demanda social, desemprego, pobreza, inestabilidade política e tensións culturais e relixiosas (PRB, 2017).

Tendo en conta o anterior, cobra importancia estratéxica preguntarse polas repercusións desta inestable situación social, económica e cultural nos países en desenvolvemento cun crecemento demográfico explosivo (especialmente en África) na seguridade europea (Traore, 2019; Wolff, 2021). Así, debemos analizar o mecanismo da interrelación entre factores sociais, económicos e culturais (incluído o crecemento demográfico relixioso) nun enfoque multidimensional.

## 5. Demografía relixiosa e dimensións xeoculturais

A importancia de achegarse ás dimensións futuras das tendencias demográficas relixiosas deriva da crenza cada vez máis arraigada de que o século XX foi o século do laicismo, e de que o século XXI estará marcado pola volta á relixión. Xa que a composición relixiosa da poboación seguirá sendo un dos factores máis importantes que afectan á homoxeneidade cultural e á cohesión política das sociedades (Grim, 2018; Ward, 2019). A crecente diversidade relixiosa dentro dos países pode levar á formación de sociedades máis divididas e menos estables, sen esquecer o debilitamento do vínculo colectivo de identidade nacional...etc. En base a isto, pódese dicir que os efectos dos cambios demográficos relixiosos terán inevitablemente un papel e unha influencia importante na configuración e determinación do futuro de Europa (GRF, 2022).

### 5.1. Revolución relixiosa e crecemento demográfico africano

Dada a transcendencia para o futuro europeo, debe abordarse a realidade demográfica e as súas implicacións relixiosas no continente africano, xa que se prevé que a poboación africana aumente significativamente (Roser, et al., 2019a). África duplicará a súa poboación en 2050 e representará o 58% do aumento da poboación mundial. Ademais, a taxa de crecemento da poboación segue sendo alta no grupo de 47 países designados pola ONU menos desenvolvidos, incluíndo 32 países da África subsahariana (DESA, 2019c).

Entón, a taxa de crecemento da poboación en África será preto de 10 veces maior que en América Latina e o Caribe, así como 15 veces maior que a taxa de crecemento en Asia. Por contra, agárdase que a parte global de Asia diminúa, aínda que seguirá sendo o continente máis poboado, cun 49,1% da poboación mundial en 2070 (o descenso é particularmente evidente para China, cuxa cota de poboación mundial que prevé caer do 18,9% ao 11,4% entre 2015 e 2070). Actualmente, Asia ten unha poboación duns 4.600 millóns, e para 2050 espérase que este número aumente ata os 5.300 millóns. Non obstante, espérase que diminúa despois, na segunda metade deste século (DG ECFIN, 2018f).

É tamén probable que en 2050 Nixeria ocupe o lugar de EE. UU. como o terceiro país do mundo en canto a poboación, o que terá implicacións políticas e de seguridade moi importantes en sociedades de diversidade multicultural, racial ou relixiosa. Polo tanto, hai que ter en conta que esta futura realidade demográfica nixeriana ten implicacións estratéxicas moi importantes. Nixeria contén case o 20% da poboación de África (subsahariana), sen esquecer que é o maior produtor de petróleo e gas natural do continente, ademais de ter a maior economía do continente africano (Campbell & Page, 2018).

Non obstante, Nixeria aínda sofre de problemas que lle impiden acadar o seu estatus global e unha influencia que coincida co seu potencial real. Unha desas problemáticas, é a presenza da organización “Boko Haram”, que representa o terrorismo fundamentalista islámico, que se concentra no nordeste do país, e supón un reto estratéxico de seguridade (Offodile, 2016). Ademais, entre esas problemáticas están os continuos disturbios no delta do Níxer. Ademais, hai conflitos en curso derivados do mapa cultural de Nixeria, xa que é un país que é aproximadamente metade cristián e metade musulmán (Fagbule & Fawehinmi, 2021; Campbell & Page, 2018a; Offodile, 2016).

En base a isto, pódese dicir que un dos sinais rechamantes do crecemento demográfico africano ten que ver cunha gran revolución relixiosa, que será sentida pola relixión cristiá. Haberá un descenso da proporción de cristiáns en Europa, pero pola contra, en 2025, o número de cristiáns na África subsahariana aumentará ata alcanzar aproximadamente os 640 millóns. Ademais, espérase que a poboación cristiá do África subsahariana se duplique, ata os 1.100 millóns en 2050. A proporción de cristiáns do mundo que viven na África subsahariana pasará do 24% en 2010, ao 38% en 2050 (Wormald, 2015).

### 5.2. O valor normativo e a Europa de raíz cristiá

É case seguro que a maioría dos cristiáns do mundo vivirán en África (catro de cada 10 cristiáns do mundo vivirán en África subsahariana) en 2050. Neste contexto, Europa pode ser a única rexión do mundo onde se prevé un descenso da poboación total. De aí que, a nivel de análise demográfica e relixiosa, espérase que a poboación cristiá en Europa se contraia nuns 100 millóns nas próximas décadas, xa que se prevé que pase de 553 millóns a 454 millóns (Murray, 2018).

Aínda que os cristiáns seguirán sendo o grupo relixioso máis grande de Europa, prevese que pasen das tres cuartas partes da poboación a menos de dous terzos. Ademais, espérase que para 2050 case unha cuarta parte dos europeos (23%) non teñan ningunha afiliación relixiosa. Pola contra, o número de musulmáns nese momento alcanzará preto do 10% da poboación do continente europeo, fronte ao 5,9% de 2010 (Wormald, 2015a). En consecuencia, e a partir das proxeccións do pensador keniano “John Mbiti”, parece que os centros de peso relixioso cristián non existirán na Europa de raíz cristiá (Roma, Atenas, París e Londres) senón que se trasladarán a Addis Abeba, Kinshasa e Bos Aires (Mbiti, 2015; Wormald, 2015b).

Isto mostra claramente a importancia das implicacións do crecemento relixioso e demográfico en África para Europa en termos de dimensións xeográficas, culturais e de seguridade:

- » 1. O valor normativo del continente europeo con raíces cristiás. Non se pode pasar por alto considerar a importancia e o papel da dimensión demográfica relixiosa na consolidación da cohesión social ou na creación dunha identidade europea, sen esquecer o valor normativo de Europa a nivel mundial. De feito, moitas das preguntas relacionadas coas discusións sobre se se debe referir na constitución europea actual (ou quizais futura) ás raíces cristiás de Europa poden ter implicacións que se estenden máis aló do ámbito da propia relixión. As cuestións fundamentais inherentes ao proxecto europeo de integración cultural e política, xa sexa a nivel interno do continente ou a nivel de talla, valor e papel da influencia europea a nivel mundial (Sládek, 2019).
- » 2. A relación dialéctica entre o crecemento demográfico, o desenvolvemento sostible e a problemática do terrorismo. Neste contexto, cómpre sinalar, os países máis pobres do mundo son tamén os máis poboados (Congo, Uganda, Níxer, Liberia, Malí, Chad). O que suscita moitas dificultades relacionadas coa forma en que se pode acadar o desenvolvemento sostible (Lewis, 2018; Wormald, 2015c). Sen esquecer a vinculación entre pobreza, terrorismo e o fundamentalismo relixioso. Por exemplo, espérase que África subsahariana sexa o centro do Islam. O número de musulmáns en Asia é igual ao número de musulmáns en Oriente Medio (UNDP, 2018b; Smythe, 2015; Grim, et al., 2016). E



inevitavelmente esta nova realidade leva consigo moitos desafíos a nivel de seguridade, cultural e político (Bricker e Ibbitson, 2019b; Grim, B., 2018a).

A realidade demográfica relixiosa aínda constitúe un dos piares máis importantes para comprender os retos políticos, de seguridade e culturais aos que se enfrontará o continente europeo. A demografía relixiosa remodelará os estados e as sociedades, e o seu papel xurdirá como fonte de lexitimidade política e equilibrio político, xa que aparece relacionada co sentido de identidade e pertenza. Sen esquecer que é unha ferramenta de política exterior e un marco de referencia para as políticas de moitos países (Herrmann, 2022). Ademais, a natureza das transformacións globais (incluíndo os conflitos de seguridade e militares) ten raíces culturais, xa que as dimensións relixiosas son empregadas para acadar intereses estratéxicos e probar os equilibrios de poder (Wolff, 2021a).

Así mesmo, a extensión da realidade demográfica relixiosa ao marco normativo e de valores, está ligado ao sistema de valores e aos intereses supremos dos estados. Polo tanto, non se pode obviar a importancia e o papel da dimensión demográfica relixiosa na consolidación do proxecto europeo de integración cultural e política, xa sexa a nivel interno do continente ou a influencia global europea (Rabadi, 2022b).

## 6. Conclusión

No relativo aos cambios demográficos globais futuros, parece inevitable pensar que as repercusións e impactos non só afectarán aos países en desenvolvemento, senón que tamén chegarán ao continente europeo (Rabadi, 2022c). Dado que os países en desenvolvemento están a envellecer a un ritmo máis rápido que os países europeos, os problemas da demografía, a inmigración e o envellecemento converteranse nunha das problemáticas máis importantes ás que se enfrontarán estes países nun futuro próximo (Herrmann, 2022).

Aquí, hai que suscitar moitos interrogantes estratéxicos sobre as moitas políticas tecnocráticas europeas que se adoptaron para abordar estes desafíos e problemáticas (Novotný, 2021).

A importancia destes problemas e retos para o futuro europeo, a nivel de seguridade cultural, esta relacionada especificamente coas repercusións da realidade demográfica relixiosa. A relevancia futura das tendencias da demografía relixiosa deriva da crenza cada vez máis establecida de que o século XX foi o século do laicismo, e que o século XXI se caracterizará pola volta da relixión (Ward, 2019).

É previsible que un dos signos salientables do crecemento demográfico relixioso mundial (co claro descenso da proporción de cristiáns en Europa) sexa a transferencia do peso relixioso cristián do continente europeo ao continente de África e América Latina (Mbiti, 2015). Isto terá connotacións negativas a nivel do valor normativo do continente europeo de raíz cristiá (Cavallin, 2022; Encinas & Álvaro d'Ors, 2021; Sládek, 2019).

En definitiva, os líderes da UE e dos países europeos deben coñecer a importancia de desenvolver rapidamente estratexias e políticas para afrontar futuros problemas demográficos caracterizados por consecuencias complexas, existenciais e irreversibles. Especialmente no que se refire aos retos culturais, de seguridade e políticos do que se deu en chamar “Estado de inmi-

gración emerxente” no continente europeo (Stępką, 2022; Graef, 2022; Connelly, 2022).

Polo tanto, aquí debemos suscitar moitos interrogantes sobre a viabilidade para os países europeos á hora de adoptar estratexias que sexan capaces de afrontar os retos económicos, culturais e políticos derivados de todas estas profundas transformacións demográficas globais que están por vir (Snel & Cremer, 2020; Formosa, 2019).

---

**Salam AL Rabadi**, *Universidade de Santiago de Compostela, España. Doutor en Filosofía en Ciencias Políticas (Libano). Autor e investigador en Relacións Internacionais. Actualmente prepara unha segunda tese de doutoramento: The Future of Europe and the Challenges of Demography and Migration, Universidade de Santiago de Compostela, España. Mail: jordani\_alrabadi@hotmail.com*

## Referencias

- ADB: Asian Development Bank (2019). Growing Old Before Becoming Rich: Challenges of An Aging Population in Sri Lanka. Philippines. <https://www.adb.org/sites/default/files/publication/557446/aging-population-sri-lanka.pdf>
- BACCI, L. M. (2017). A Concise History of World Population. John Wiley & Sons. pp.167-224.
- BERGANZA, J. C., CAMPOS, R. G., MARTÍNEZ, E., & PÉREZ, J. (2020). The End Of The Demographic Dividend In Latin America: Challenges For Economic And Social Policies. Banco de Espana Article. pp.1-6.
- BRICKER, D., & IBBITSON, J. (2019). Empty Planet: The Shock Of Global Population Decline. Crown, NY. pp.55-74.
- BRICKER, D., & IBBITSON, J. (2019a). Empty Planet: The Shock Of Global Population Decline. Crown, NY, pp.191-206.
- BRICKER, D., & IBBITSON, J. (2019b). Empty Planet: The Shock Of Global Population Decline. Crown, NY. pp. 105-124.
- BUSSOLO, M., KOETTL, J., SINNOTT, E. (2015). Golden Aging: Prospects For Healthy, Active, And Prosperous Aging In Europe And Central Asia. World Bank Publications. p.22.
- CAMPBELL, J., & PAGE, T. (2018). Nigeria: What Everyone Needs To Know. Oxford University Press. NY. pp.69-172.
- CARDONA, C., RUSATIRA, J. C., CHENG, X., SILBERG, C., SALAS, I., Li, Q., & RIMON, G. (2020). Generating And Capitalizing On The Demographic Dividend Potential In Sub-Saharan Africa: A Conceptual Framework From A Systematic Literature Review. International Journal of Social Welfare. Gates Open Research, 4. <https://gatesopenresearch.org/articles4-145/v1>

- CAVALLIN, C. (2022). Useful Religion: The Future of Christianity In Europe. European Conservative. Brussels. <https://europeanconservative.com/articles/essay/useful-religion-the-future-of-christianity-in-europe/>
- CHAURASIA, A. R. (2020). Population And Sustainable Development In India. Springer. pp.1-10.
- CHEN, L. (2016). Evolving Eldercare In Contemporary China: Two Generations, One Decision. Palgrave Macmillan. U.K. pp.73-118.
- CILLUFFO, A. RUIZ, G. (2019). World's Population Is Projected To Nearly Stop Growing By The End Of The Century. Pew Research Center, <https://www.pewresearch.org/fact-tank/2019/06/17/worlds-population-is-projected-to-nearly-stop-growing-by-the-end-of-the-century/>
- CONNELLY, J. (2022). From Peoples Into Nations: A History Of Eastern Europe . Princeton University. U.S.A. pp.685-800
- CRISTEA, M., GEORGIANA, G., DĂNĂCICĂ, E., & ȘTEFEA, P. (2020). Population Ageing, Labour Productivity And Economic Welfare In The European Union. Economic Research-Ekonomska Istraživanja,33(1). pp. 1354-1376.
- DESA. (2019). World Population Prospects 2019. United Nations. NY. <https://www.un.org/development/desa/pd/news/world-population-prospects-2019>
- DESA: Department of Economic and Social Affairs. (2015). World Fertility Report 2015. United Nations, NY. pp.6-9.
- DESA: Department of Economic and Social Affairs. (2015a). World Population Ageing 2015: Highlights. United Nations. NY. pp. 1-3.
- DESA. (2019a). World Population Prospects 2019. United Nations. NY. <https://www.un.org/development/desa/pd/news/world-population-prospects-2019>
- DESA: Department of Economic and Social Affairs. (2019b). World Population Prospects 2019. United Nations. NY. <https://www.un.org/development/desa/pd/news/world-population-prospects-2019-0>
- DESA: Department of Economic and Social Affairs. (2019c). World Population Prospects 2019. United Nations. NY. <https://www.un.org/development/desa/pd/news/world-population-prospects-2019-0>
- DESA: Department of Economic and Social Affairs. (2020). World Population Ageing 2020 Highlights: Living Arrangements Of Older Persons. United Nations. NY. p. 1.
- DESA. (2021). World Population Prospects 2021: Upgrade-Towards A More Open And Reproducible. United Nations. NY. [https://www.un.org/development/desa/pd/sites/www.un.org.development.desa.pd/files/undesa\\_pd\\_2021\\_egm\\_wpp2022\\_session\\_i\\_patrick\\_gerland.pdf](https://www.un.org/development/desa/pd/sites/www.un.org.development.desa.pd/files/undesa_pd_2021_egm_wpp2022_session_i_patrick_gerland.pdf)
- DESJARDINS, J. (2021). The World Population Pyramid (1950-2100). Visual Capitalist. Our World in Data, Visual Capitalist. U.S.A, 21 Dec 2021. <https://www.visualcapitalist.com/cp/the-world-population-pyramid-1950-2100/>
- DESJARDINS, J. (2019). The 8 Ways Urban Demographics Are Changing. Visual Capitalist, U.S.A. <https://www.visualcapitalist.com/8-ways-urban-demographics-changing/>

- DG ECFIN. (2018). Aging Report: Underlying Assumptions And Projection Methodologies. Publications Office of the EU, Luxembourg. p.15.
- DG ECFIN. (2018a). Aging Report: Underlying Assumptions And Projection Methodologies. Publications Office of the EU, Luxembourg. pp.12-14.+28.
- DG ECFIN. (2018b). The 2018 Ageing Report: Economic And Budgetary Projections For 28 EU Member States (2016-2070). Publications Office of the EU, Luxembourg. p.4.
- DG ECFIN. (2018c). Underlying Assumptions & Projection Methodologies. Publications Office of the EU, Luxembourg. pp. 21+24.
- DG ECFIN. (2018d). The 2018 Ageing: Economic & Budgetary Projections For 28 EU Member States (2016-2070). European Commission. pp.27-29.
- DG ECFIN. (2018e). The 2018 Ageing: Economic & Budgetary Projections For 28 EU Member States (2016-2070). European Commission. pp.27-29.
- DG ECFIN. (2018f). Underlying Assumptions And Projection Methodologies. Publications Office of the EU, Luxembourg.p.24.
- DoD:Department of Defense. Beyond Demographics Is Destiny. U.S. Military. pp.1-7.
- DOSSA P., COE C., DENEVA, N., ZHOU, R., YARRIS, K. E., RAFFETY, L., KHAN, M., & Kobayashi, K. (2017). Transnational Aging And Reconfigurations Of Kin Work. Rutgers University Press. pp.43-119
- DRAMANI, L. (2022). Eight Demographic Trends Were Watching As The World Population Passes 8 Billion. Population Reference Bureau (PRB). U.S.A. <https://www.prb.org/articles/eight-demographic-trends-were-watching-as-the-world-population-passes-8-billion/>
- DRAMANI, L., ZOUNGRANA, C., JALAL, H. (2023). Empowering Women And Harnessing The Demographic Dividend: In Sub-Saharan Africa. Our Knowledge Publishing. <https://www.amazon.com.br/Empowering-women-harnessing-demographic-dividend/dp/6206198340>
- EATOCK, D., MARGARAS, V., ZAMFIR, L., ORAV, A., (2019). Demographic Outlook For The European Union, 2019. European Parliamentary Research Service (EPRS). European Union. Brussels. p.3-5.
- EGGLESTON, K. (2017). Policy Challenges From Demographic Change In China And India. Shorenstein Asia-Pacific Research Center. California. pp. (Chapter 1. Policy Challenges and Economic Impact).
- MORAN, E. (2017). People And Nature: An Introduction To Human Ecological Relations. Wiley-Blackwell, U.K., , pp.145-165.
- ENCINAS, C., & Álvaro, C. (2021). Europe's "Christian Roots" In The failed European Constitution Project. Institute for Culture and Society (ICS). Spain. pp. 3-12.
- ERTÜRK, O. & Karaçizmeli, A. (2022). Aging And Age Discrimination In Europe: Understanding And Challenging Ageism. Waxmann Verlag. New York. pp.7-9.
- ERTÜRK, O. & Oruç N. & Karaçizmeli, A. (2022a). Aging And Age Discrimination In Europe: Understanding And Challenging Ageism. Waxmann Verlag. New York. pp.7-9.
- EUROSTAT. (2017). Median Age Ranges From 18 To 54 Across EU Regions. European Commission. <https://ec.europa.eu/eurostat/web/products-eurostat-news/-/ddn-20170215-1>

- EUROSTAT. (2019). First Population Estimates EU. European Commission. <https://ec.europa.eu/eurostat/documents/2995521/9967985/3-10072019-BP-EN.pdf/e152399b-cb9e-4a42-a155-c5de6dfe25d1>
- EUROSTAT: General And Regional Statistics. (2019a). The EU's Population Projected Up To 2100. European Commission. <https://ec.europa.eu/eurostat/web/products-eurostat-news/-/DDN-20190710-1>
- EUROSTAT: General And Regional Statistics. (2019b). The EU's Population Projected Up To 2100. European Commission <https://ec.europa.eu/eurostat/web/products-eurostat-news/-/DDN-20190710-1>
- EUROSTAT: General And Regional Statistics. (2020). Firstpopulation EU Population In 2020. European Commission. <https://ec.europa.eu/eurostat/documents/2995521/11081093/3-10072020-AP-EN.pdf/d2f799bf-4412-05cc-a357-7b49b93615f1>.
- EUROSTAT. (2021). Life Expectancy Decreased In 2020 Across The EU. European Commission. <https://ec.europa.eu/eurostat/web/products-eurostat-news/-/edn-20210>
- EUROSTAT. (2021a). Old-Age Dependency Ratio Increases Across EU Regions. European Commission. <https://ec.europa.eu/eurostat/web/products-eurostat-news/-/edn-20210930-1>
- EUROSTAT: General And Regional Statistics. (2023). Mortality And Life Expectancy Statistics. European Commission. [https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Mortalityandlifeexpectancy\\_statistics](https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Mortalityandlifeexpectancy_statistics).
- EUROSTAT. (2023a). Life Expectancy By Age And Sex. European Commission. <https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/DEMOMLEXPECcustom5705197/default/table?lang=en&page=time:2021>
- EUROSTAT. (2023b). Population Structure And Ageing. European Commission. <https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Populationstructureandageing>
- EUROSTAT: General And Regional. (2023c). Population And Population Change Statistics. European Commission. [https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Population\\_and\\_populationchangestatistics#EUpopulationshows\\_astrong\\_increase\\_in2022](https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Population_and_populationchangestatistics#EUpopulationshows_astrong_increase_in2022).
- EUROSTAT: General And Regional Statistics. (2023d). Facts And Figures On Life In The European Union. European Commission. <https://european-union.europa.eu/principles-countries-history/key-facts-and-figures/life-euen>
- EUROSTAT. (2023e). Infographic - Migration Flows: Eastern, Central And Western Routes. European Commission. <https://www.consilium.europa.eu/en/infographics/migration-flows-to-europe/>
- FAGBULE, F. & FAWEHINMI, F. (2021). Formation: The Making Of Nigeria From Jihad To Amalgamation. Cassava Republic Press. <https://cassavarepublic.biz/product/formations/>
- FAO: Food And Agriculture Organization (2018). The State Of Food Security And Nutrition In The World 2018. Rome. <http://www.fao.org/3/i9553en/i9553en.pdf>
- FORMOSA, M. (2019). The University Of The Third Age And Active Ageing: European And Asian-Pacific Perspectives. Springer, Switzerland. pp.1-142.
- GRAEF, J. (2022). Imagining Far-Right Terrorism: Violence, Immigration, And The Nation State In Contemporary Western Europe. Routledge. New York. pp.132-227.

- GRF Project. (2022). Pew-Templeton: Global Religious Futures. Pew Research Center. <http://www.globalreligiousfutures.org>
- GRIM, B., JOHNSON, T., SKIRBEKK, V., & ZURLO, G. (2016). Yearbook Of International Religious Demography 2016. Vol. 3. Brill. Netherlands. pp.83+107-128.
- GRIM, B. (2018). Yearbook Of International Religious Demography 2018. Vol. 5. Brill, Netherlands. pp.99-110.
- GRIM, B. (2018a). Yearbook Of International Religious Demography. Vol. 5. Brill, Netherlands. pp.99-110.
- He, W., GOODKIND, D., & KOWAL, P. R. (2016). An Aging World: 2015. U.S. Census Bureau. pp.11-12.
- HERRMANN, M. (2022). The Global Population Will Soon Reach 8 Billion-Then What?. United Nations Population Fund (UNFPA). NY. <https://www.un.org/en/un-chronicle/global-population-will-soon-reach-8-billion-then-what>
- ILO: International Labor Organization. (2013). Employment And Social Protection In The New Demographic Context. Geneva. pp.9-10.
- ILO: International Labour Organization. (2019). World Employment And Social Outlook. Geneva. [https://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/---dgreports/---dcomm/---publ/documents/publication/wcms\\_670542.pdf](https://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/---dgreports/---dcomm/---publ/documents/publication/wcms_670542.pdf)
- JING, T. K., KUHNLE, S., PAN, Y., & CHEN, S. (2019). Aging Welfare And Social Policy: China And The Nordic Countries In Comparative Perspective. Vol.20. Berlin/Heidelberg. Germany. Springer. pp. 139-238.
- JING, T. K., KUHNLE, S., PAN, Y., & CHEN, S. (Eds.). (2019a). Aging And Social Policy: China And The Nordic Countries In Comparative Perspective. Vol.20. Berlin/ Heidelberg. Germany. Springer. pp. 233-237
